



# Padrón

Concello de Padrón  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
correo@padron.gal  
www.padron.gal  
Telf: 981 81 04 51  
Fax: 981 11 72 98

## DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO PARA O DIA LUNS 5 DE FEBREIRO DE 2024

Convocado o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2024, e visto que o prazo para solicitar a inclusión no mesmo a través da plataforma informática habilitada para estes efectos na páxina web da Deputación (SUBTEL) remata o 9 febreiro do 2024 ás 15:00 horas, tal e como establece a base número 5 das que regulan este Plan e que, entre outra documentación, débese remitir a certificación do acordo plenario de aprobación,

Resultando ademais que o Concello pretende solicitar unha axuda ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a Concellos de Galicia para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A), da Vicepresidencia Primeira e Concellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e que o 12 de febreiro de 2024 remata o prazo para presentar a solicitude da subvención, e

En cumprimento do previsto no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no 78 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e segundo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal o 7 de xullo do 2023,

### RESOLVO:

**Primeiro.** Convocar sesión extraordinaria do **Pleno da Corporación Municipal** para:

- ➔ Día: luns 5 de febreiro de 2024
- ➔ Hora: 12:00
- ➔ Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

1. APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2024"
2. APROBACIÓN DO POS+ ADICIONAL 1/2024 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS
3. APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DE "PAVIMENTACIÓN EN NÚCLEO DE VILAR (EXTRAMUNDI)" FINANCIADO CO POS+ 2021.
4. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE DODRO PARA A SOLICITUDE DUNHA SUBVENCIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO "PAVIMENTACIÓN CAMIÑO FEIRA DOS PORCOS A EDAR PADRÓN" (PADRÓN-DODRO), AO ABEIRO DA ORDE DO 27 DE DECEMBRO DE 2023 DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES.

**Segundo.** Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello ([www.padron.gal](http://www.padron.gal)), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

**Terceiro.** Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Pleno poñendo á súa disposición no Portal de Cargos Electos accesible dende a sede electrónica do Concello de Padrón

(<https://sede.padron.gal>) todos os asuntos incluídos na orde do día, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca